

Programación DIDÁCTICA FRAUTA TRAVESA

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798

e-mail: conservatorio@culleredo.es

ÍNDICE

GRAO ELEMENTAL

- **INTRODUCCIÓN, MARCO LEGAL, FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS DE MÚSICA**
- **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**
- **METODOLOXÍA**
 - **PRIMEIRO CURSO**
 - **SEGUNDO CURSO**
 - **TERCEIRO CURSO**
 - **CUARTO CURSO**
- **INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA**
- **OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS**
- **METODOLOXÍA NO GRAO PROFESIONAL**
 - **PRIMEIRO CURSO**
 - **SEGUNDO CURSO**
 - **TERCEIRO CURSO**
 - **CUARTO CURSO**
 - **QUINTO CURSO**
 - **SEXTO CURSO**
- **ANEXO 1: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- **ANEXO 2: PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- **ANEXO 3: PROBAS DE ACCESO EXTRAORDINARIAS**
- **ANEXO 4: PROBA DE ACCESO A 1º DE GRAO PROFESIONAL**
- **ANEXO 5: PREMIO DE FIN DE GRAO PROFESIONAL**

GRAO ELEMENTAL

1. INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

A Comunidade Autónoma de Galicia estableceu o currículo do grao elemental das ensinanzas de música a través do Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establecen os currículos do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música, e o acceso aos devanditos graos, en desenvolvemento do Real decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos dos currículos dos graos elemental e medio das ensinanzas de música.

A experiencia alcanzada desde a promulgación do citado decreto, xunto co desenvolvemento da nova lei de educación, aconsellan establecer un novo marco normativo para a ordenación académica das ensinanzas elementais de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Xa que logo, o presente decreto establece o currículo do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regula o acceso a estas ensinanzas, así como os requisitos mínimos dos conservatorios elementais de música e dos centros autorizados elementais de música no relativo á relación numérica entre o alumnado e o profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de setembro de dous mil sete,

DISPÓÑO:

Capítulo I

Da finalidade e organización das ensinanzas elementais de música

Artigo 1º Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este decreto regula o currículo da ensinanza da música do grao elemental cunha finalidade e organización establecida no artigo 48 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de edu-

cación.

2. Así mesmo, esta disposición regula os criterios de ingreso ao grao elemental.
3. Este decreto ten igualmente a finalidade de establecer os requisitos mínimos dos conservatorios elementais de música e dos centros autorizados elementais de música no relativo á relación numérica entre o alumnado e o profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.
4. Este decreto é de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios de música e nos centros autorizados de música que contén coa autorización para a impartición do grao elemental de música.

Artigo 2º Finalidade.

1. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.
2. A ensinanza da música no grao elemental organízase en catro cursos.

Artigo 3º Obxectivos xerais.

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

1. Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
2. Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
3. Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
4. Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
5. Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
6. Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
7. Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

8. Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
9. Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
10. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O ensino da frauta no grao elemental terá como obxectivo contribuír no desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

3. METODOLOXÍA:

3.1. Principios metodolóxicos.

Durante o Grao Elemental procuraremos a aprendizaxe holística do alumnado mediante o desenvolvemento instrumental sin perder de vista a esixencia que esta etapa educativa require, xa que a finalidade da mesma é a de preparar ao alumnado para o acceso ao Grao Profesional, é dicir, utilizaremos a música como vehículo de aprendizaxe.

Para isto, teremos en conta as aportacións de psicopedagogos coma L. Vygotski, D. Ausubel e o pai do constructivismo, Jean Piaget. Tamén se toma como referencia o traballo dos principais pedagogos musicais do século XX: Shin'ichi Suzuki, E. Gordon, Carl Orff, Edgar Willems, Z. Kodály, etc. Baseandonos nisto, a continuación detallaránse algunhas

das estratexias metodolóxicas que se utilizarán nas clases:

- Primar o aprendizaxe intuitivo e por imitación fronte o uso exclusivo de partituras.
- Traballar principalmente de memoria para favorecer a interpretación intuitiva e creativa.
- Favorecer a progresividade e a educación individualizada practicando a empatía e a adecuación dos contenidos (Non dos obxectivos).
- Potenciar a creatividade do alumnado por medio de actividades de improvisación, creación e reflexión cun tratamento artístico interdisciplinar.
- Fomentar a escoita activa musical para o desenvolvemento do oído interno, a pulsación e a afinación. Utilizando sempre referentes sonoros e acompañamentos grabados (playalone) facilitados pola docente.
- Favorecer a aprendizaxe activa do alumnado, promovendo a autonomía no proceso de execución das distintas actividades e fomentando a resolución autónoma de problemas.
- Promover a práctica constante e consciente para a adquisición de hábitos de estudo eficaces.
- Practicar o repaso coa intención de promover a búsqueda constante de mellora, o perfeccionismo e a reflexión.
- Incentivar a autoevaluación constante como ferramenta de mellora e autoconocemento.
- Promover a aprendizaxe dixital mediante a utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).
- Facilitar a interpretación en público participando nos eventos que programe o centro así como a programación das audicións didácticas a posteriori da xunta evaluatoria (Sempre que sexa posible).

3.2. Temporalización e estrutura das sesións

A estrutura utilizada nas sesións será o exemplo dunha práctica ideal, propoñendo actividades facilmente replicables na práctica individual.

- A primeira parte da sesión (30% aproximadamente) dedicarase a práctica de exercicios de quentamento e técnica adecuados ó curso, as necesidades do repertorio a traballar e as propias do alumnado.
- A segunda parte da sesión (40% aproximadamente) dedicarase a práctica de obras e estudos propios do nivel.
- A última parte da sesión (30% aproximadamente) dedicarase a realización de outros exercicios: Improvisación, repaso, repertorio en conxunto, etc.

4. PRIMER CURSO G.E.

4.1 OBXECTIVOS

- Desenvolver a sensibilidade artística e o gusto pola música de diferentes estilos
- Desenvolver a atención, a escoita activa, a discriminación auditiva e a concentración.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son, afinación, pulsación interna e musicalidade.
- Desenvolver hábitos de estudo eficaces e constantes de forma autónoma.
- Desenvolver a creatividade musical e artística por medio de actividades de improvisación e creación sinxelas.
- Adoptar unha correcta posición corporal con e sen instrumento, (costas, pernas, cadeira, cabeza, brazos e mans).
- Practicar unha respiración relaxada e natural desenvolvendo a consciencia corporal.
- Coñecer as diferentes partes e mecanismo do instrumento, así como a súa montaxe, limpeza e mantemento.
- Acadar un son homoxeneo dende o mi da primeira octava ata o Do da terceira octava.
- Interpretar estudos ou obras dun nivel similar aos propostos nos contidos, de diferentes estilos con precisión rítmica e melódica.
- Aprender o repertorio traballado de memoria.
- Practicar música en conxunto para traballar en grupo e desenvolver valores como a empatía, a colaboración ou o traballo en equipo.
- Tocar en público ao menos unha vez por trimestre.

4.2 CONTIDOS

- Escoita activa e interpretación de música de diferentes estilos.
- Actividades de movemento e interpretación non instrumental relacionadas co repertorio do curso.
- Práctica semanal de exercicios imitativos de dificultade progresiva.
- Práctica diaria de exercicios técnicos na búsqueda da mellora instrumental constante.
- Práctica habitual da improvisación libre e baseada en estruturas sinxelas.
- Desenvolvemento da creatividade e a capacidade artística por medio de exercicios de asociación con outras disciplinas artísticas e actividades de exploración non dirixidas.
- Establecemento de hábitos de estudo persoal eficientes.
- Exercicios metódicos de postura con e sen instrumento.
- Práctica da respiración relaxada e natural desenvolvendo a consciencia corporal.
- Montaxe, limpeza e mantemento diario do instrumento.
- Exercicios técnicos de son coa cabeza da frauta.
- Exercicios técnicos de son na primeira e segunda octava (Dende o mi da primeira octava ata o Do da terceira) na búsqueda da homoxeneidade tímbrica.
- Exercicios técnicos de mecánica: Escalas e arpeixos de ata unha alteracións con diferentes articulacións (picado e ligado) de unha octava.

- Interpretación de estudos ou obras dun nivel similar as pezas de referencia propostas nesta PD, de diferentes estilos con precisión rítmica e melódica.
- Interpretación do repertorio traballado de memoria.
- Práctica de música en conxunto: Ensaíos con pianista, agrupacións con compañeiros ou profesora e uso de playalone na práctica individual.
- Actuacións en público ao menos unha vez por trimestre.

4.3 RECURSOS DIDÁCTICOS:

Materiais:

- Instrumento e materiais de limpeza
- Cabeza curva (Si é necesario)
- Partituras, libros e libreta de estudio
- Materiais auditivos: Grabacións como referentes e acompañamentos. (Enviados por E- mail pola docente.
- Complementos posturais

Exercicios:

- Exercicios de exploración sonora e rítmica só coa embocadura.
- Exercicios de exploración sonora e rítmica coa flauta completa.
- Aprendizaxe do repertorio por imitación e repetición
- Exercicios mecánicos con ata dúas alteracións (picado e ligado).
- Práctica do repertorio con e sin acompañamento
- Exercicios de exploración artística non musicais
- Exercicios de creación e improvisación musical con e sin instrumento, con e sin acompañamento.

MÉTODOS ORIENTATIVOS	
Título	Autor
24 pequenos estudos melódicos	Marcel Moyse
Miniflauta	Sonia Valencia

OBRAS ORIENTATIVAS	
Título	Autor
La flauta clásica vol. 1	Varios
A very easy baroque album Vol. 1	T. Wye
Suzuki Flute School Vol. 1 (1-14)	T. Takahashi

4.4. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º Trimestre

- CA 1. Demostrar interés e adoptar unha boa actitude durante as clases: 5%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 30%
- CA 3. Utilizar unha posición corporal natural e eficiente: 15%

- CA 4. Demostrar unha emisión sonora clara coa cabeza da frauta e coas notas Si, La e Sol (Da primeira octava): 15%
- CA 5. Interpretar o repertorio proposto con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 6. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 12%
- CA 7. Manter o instrumento en perfectas condicións (limpeza, mantemento, etc.): 3%

2º Trimestre

- CA 1. Demostrar interés adoptar unha boa actitude e durante as clases: 5%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 30%
- CA 3. Utilizar unha posición corporal natural e eficiente: 10%
- CA 4. Demostrar unha emisión sonora dende o mi da primeira octava ata o sol da segunda: 10%
- CA 5. Interpretar o repertorio proposto con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 6. Realizar exercicios mecánicos (escalas e arpexios), na primeira e segunda octava, con ata unha alteración: 10%
- CA 7. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 12%
- CA 8. Manter o instrumento en perfectas condicións (limpeza, mantemento, etc.): 3%

3º Trimestre - Curso completo

- CA 1. Demostrar interés adoptar unha boa actitude e durante as clases: 5%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 30%
- CA 3. Utilizar unha posición corporal natural e eficiente: 10%
- CA 4. Demostrar unha emisión sonora clara nas dúas primeiras octavas: 10%
- CA 5. Demostrar o dominio de diferentes articulacións (Picado e ligado): 5%
- CA 6. Realizar exercicios mecánicos (escalas e arpexios), na primeira e segunda octava de ata unha alteracións: 5%
- CA 7. Interpretar o repertorio proposto con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 8. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 12%
- CA 9. Manter o instrumento en perfectas condicións (limpeza, mantemento, etc.): 3%

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

No Grao elemental, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, facendo unha media dos resultados de cada clase, así como a súa asistencia e actitude, reflectíndoo no seu diario de aula ou caderno do profesor. Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación de xeito puntual:

Avaliación puntual. En casos de avaliacións negativas durante reiteradas sesións de clase, a docente poderá programar un exame, para motivar a práctica individual do alumnado e favorecer a consecución dos obxectivos.

Audicións. Non se evaluará o desempeño musical/instrumental do alumnado .

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolto da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

Segundo dictan as Normas de Organización e Funcionamento aprobadas polo

Consello Escolar: Cap.6, Art.99 “A non asistencia, xustificada ou non, a tres clases nas materias dunha sesión semanal (...) poderá supoñer a perda do dereito a avaliación continua no respectivo trimestre. Será o profesor correspondente en coordinación coa Xefatura de Estudos quen determine en cada caso as medidas que permitan establecer outros mecanismos de avaliación extraordinarios.”

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación: O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua. Avaliarase a precisión rítmica e melódica, a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso. No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre no superado. O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probos extraordinarias**.

Medidas de recuperación para cursos pendentes O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Os contidos mínimos para a superación do curso e examen final en caso de perda de dereito á avaliación continua e proba extraordinaria serán os seguintes:

- Interpretación de dúas escalas con unha alteración (Unha octava)
- Interpretación de dúas pezas de nivel similar as a continuación suxeridas: Pezas 8 e 12 do libro *Suzuki flute School Vol.1*

PROBA EXTRAORDINARIA

A proba extraordinaria consistirá: Os alumnos deberá interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.

4.5 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de Vento, os profesores titores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

As pezas propostas para a concesión da ampliación de matrícula serán as seguintes (ou outras de nivel similar):

As pezas 12 e 14 (Lullaby e Minuet) do libro *Suzuki flute School Vol.1*

SEGUNDO CURSO G.E.**5.1 OBXECTIVOS**

- Desenvolver a sensibilidade artística e o gusto pola música de diferentes estilos
- Desenvolver a atención, a escoita activa, a discriminación auditiva e a concentración.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son, afinación, pulsación interna e musicalidade.
- Afianzar hábitos de estudo eficaces e constantes de forma autónoma.
- Desenvolver a creatividade musical e artística por medio de actividades de improvisación e creación.
- Adoptar unha posición corporal relaxada, estable e eficiente, que permita o desenvolvemento instrumental cómodo.
- Practicar unha respiración relaxada e natural desenvolvendo a consciencia corporal, aumentando de forma progresiva o tempo de exhalación e diminuendo o de inhalación.
- Acadar un son homoxeneo dende o re da primeira octava ata o Re da terceira octava.
- Controlar o uso de diferentes lonxitudes e articulacións tanto nos exercicios técnicos como no repertorio proposto
- Interpretar estudos ou obras dun nivel similar aos propostos nos contidos, de diferentes estilos con precisión rítmica e melódica.
- Aprender o repertorio traballado de memoria.
- Practicar música en conxunto para traballar en grupo e desenvolver valores como a empatía, a colaboración ou o traballo en equipo.
- Tocar en público ao menos unha vez por trimestre.

5.2 CONTIDOS

- Escoita activa e interpretación de música de diferentes estilos.
- Lectura a primeira vista
- Práctica semanal de exercicios imitativos de dificultade progresiva.
- Práctica diaria de exercicios técnicos na búsqueda da mellora instrumental constante.
- Práctica habitual da improvisación libre e baseada en estruturas sinxelas.
- Desenvolvemento da creatividade e a capacidade artística por medio de exercicios de asociación con outras disciplinas artísticas e actividades de exploración non dirixidas.
- Establecemento de hábitos de estudo persoal eficientes.
- Exercicios metódicos de postura con instrumento.
- Práctica da respiración relaxada e natural desenvolvendo a consciencia corporal mediante exercicios que requiran de inhalacións curtas medidas e exhalacións progresivamente máis longas.
- Montaxe, limpeza e mantemento diario do instrumento.
- Exercicios técnicos de son, con diferentes fórmulas rítmicas e articulacións, na primeira e segunda octava (Dende o re da primeira octava ata o Re da terceira) na búsqueda da homoxeneidade tímbrica.
- Exercicios técnicos de mecánica: Escalas e arpeixos de ata dúas alteracións con diferentes articulacións de dúas octavas si é posible.
- Interpretación de estudos ou obras dun nivel similar as pezas de referencia propostas nesta PD, de diferentes estilos, con precisión rítmica e melódica.
- Interpretación do repertorio traballado de memoria.
- Práctica de música en conxunto: Ensaio con pianista, agrupacións con compañeiros ou profesora e uso de playalone na práctica individual.
- Actuacións en público ao menos unha vez por trimestre.

5.3 RECURSOS DIDÁCTICOS:

Materiais:

- Instrumento e materiais de limpeza.
- Cabeza curva (Si é necesario).
- Partituras, libros e libreta de estudo.
- Materiais auditivos: Grabacións como referentes e acompañamentos. (Enviados por E- mail pola docente).
- Complementos posturais.

Exercicios:

- Exercicios de exploración melódica e rítmica coa frauta.
- Aprendizaxe do repertorio por imitación e repetición.
- Práctica da primeira vista con materiais sinxelos.
- Exercicios mecánicos con ata dúas alteracións (diferentes combinacións de articulacións, ritmos e velocidades).
- Práctica do repertorio con e sin acompañamento.

- Exercicios de exploración artística non musicais.
- Exercicios de creación e improvisación musical con instrumento, con e sin acompañamento.

ESTUDOS	
Título	Autor
18 petites etudes rithmiques	Ch. Cheret

OBRAS	
Título	Autor
A very aesy Romantic album	Varios
La flauta clásica (volumen I y II)	Varios
Suzuki Flute School Vol. 1 (15-17)	T. Takahashi
Suzuki Flute School Vol. 2 (1- 4)	T. Takahashi

5.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º Trimestre

- CA 1. Demostrar interés adoptar unha boa actitude e durante as clases: 3%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 15%
- CA 3. Utilizar unha posición corporal natural e eficiente: 10%
- CA 4. Demostrar unha emisión sonora clara nas dúas primeiras octavas: 20%
- CA 5. Dominar os exercicios mecánicos (escalas e arpexios), na primeira e segunda octava de ata unha alteración con diferentes articulacións 12%
- CA 6. Interpretar o repertorio proposto con precisión rítmica e melódica: 25%
- CA 7. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 15%

2º Trimestre

- CA 1. Demostrar interés adoptar unha boa actitude e durante as clases: 3%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 15%
- CA 3. Utilizar unha posición corporal natural e eficiente: 10%
- CA 4. Demostrar unha emisión sonora clara nas dúas primeiras octavas: 20%
- CA 5. Dominar os exercicios mecánicos (escalas e arpexios), na primeira e segunda octava de ata dúas alteracións, con diferentes articulacións 15%
- CA 6. Interpretar o repertorio proposto con precisión rítmica e melódica: 22%
- CA 7. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 10%
-

3º Trimestre - Curso completo

- CA 1. Demostrar interés adoptar unha boa actitude e durante as clases: 3%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 12%
- CA 3. Utilizar unha posición corporal natural e eficiente: 10%
- CA 4. Controlar a respiración permitindo que esta sexa plena e relaxada 5%
- CA 4. Demostrar unha emisión sonora clara nas dúas primeiras octavas: 15%

- CA 5. Dominar os exercicios mecánicos (escalas e arpexios), na primeira e segunda octava de ata dúas alteracións, con diferentes articulacións 15%
- CA 6. Interpretar o repertorio proposto con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 7. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 5%
- CA 8. Interpretar 3 estudos (diferentes aos do trimestre anterior) con precisión rítmica e melódica: 15%

5.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxetivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude. Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación.

Avaliación puntual. O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

Audicións. O profesor valorará a asistencia e o comportamento do alumno nas audicións ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das calificacións parciais. Esta calificación final será a que teña en conta o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

Segundo dictan as Normas de Organización e Funcionamento aprobadas polo Consello Escolar: Cap.6, Art.99 “A non asistencia, xustificada ou non, a tres clases nas materias dunha sesión semanal (...) poderá supoñer a perda do dereito a avaliación continua no respectivo trimestre. Será o profesor correspondente en coordinación coa Xefatura de Estudos quen determine en cada caso as medidas que permitan establecer outros mecanismos de avaliación extraordinarios.”

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación: O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados para cada curso. No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre no superado. O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probos extraordinarias**.

Medidas de recuperación para cursos pendentes O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior.

Os contidos mínimos para a superación do curso e examen final en caso de perda de dereito á avaliación continúa e proba extraordinaria serán os seguintes:

- Interpretación de dúas escalas con dúas alteracións con diferentes combinacións de articulacións: Ligado, picado largo, picado curto e dúas ligadas - dúas picadas
- Interpretación de 6 estudos de C. Cheret.
- Interpretación de dúas pezas de nivel similar as a continuación suxeridas: Pezas 13 e 14 do libro *Suzuki flute School Vol.1*

PROBA EXTRAORDINARIA

A proba extraordinaria consistirá: Os alumnos deberá interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados no curso.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de Vento, os profesores titores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

As pezas propostas para a concesión da ampliación de matrícula serán as seguintes (ou outras de nivel similar:

As pezas 7 e 8 (Minuet e Allegretto) do libro *Suzuki flute School Vol.2*

TERCEIRO CURSO G.E.

6.1 OBXECTIVOS

- Afianzar os contidos dos cursos anteriores.
- Desenvolver unha personalidade artística propia.
- Desenvolver autonomía, responsabilidade e xuízo na práctica individual.
- Adoptar unha posición corporal relaxada, estable e eficiente, que permita o desenvolvemento instrumental cómodo, así como a expresividade.
- Practicar unha respiración plena e natural e desenvolver o criterio musical necesario para atopar os momentos idóneos para realizalas tendo en conta os recursos técnicos.
- Desenvolver unha correcta afinación entre os diferentes rexistros, poñendo especial atención a intervállica e aos finais de frase.
- Acadar un son homoxeneo dende a primeira octava ata o la da terceira.
- Controlar o uso de diferentes lonxitudes e combinacións articulacións tanto nos exercicios técnicos como no repertorio proposto, sin que a calidade do son se vexa afectada.
- Coñecer as principais coleccións de exercicios dos grandes pedagogos da frauta
- Interpretar estudos ou obras dun nivel similar aos propostos nos contidos, de diferentes estilos, con precisión rítmica e melódica.
- Aprender o repertorio traballado de memoria.
- Practicar música en conxunto para traballar en grupo e desenvolver valores como a empatía, a colaboración ou o traballo en equipo.
- Tocar en público ao menos unha vez por trimestre.

6.2 CONTIDOS

- Escoita activa e interpretación de música de diferentes estilos.
- Lectura a primeira vista utilizando materiais didácticos pouco habituais: Música tradicional, moderna, urbana, etc.
- Práctica semanal de exercicios imitativos de dificultade progresiva.
- Práctica diaria de exercicios técnicos na búsqueda da mellora instrumental constante.
- Práctica habitual da improvisación libre e baseada en estruturas sinxelas.
- Desenvolvemento da creatividade e a capacidade artística por medio de exercicios de asociación con outras disciplinas artísticas e actividades de exploración non dirixidas.
- Establecemento de hábitos de estudio persoal autónomos e eficientes.
- Análise sinxelo do repertorio proposto desenvolvendo a capacidade crítica e entendendo a transversalidade dos contidos.
- Práctica da respiración plena e eficiente, dende un punto de vista técnico e musical.
- Exercicios técnicos de son, con diferentes fórmulas rítmicas e articulacións, ata o la da terceira octava.
- Exercicios técnicos de mecánica: Diferentes exercicios mecánicos propostos pola docente (escalas, arpexios, terceiras, cuartas, acordes desplegados, vocalizacións, etc.) Con ata 4 alteracións.

- Interpretación de estudos ou obras dun nivel similar as pezas de referencia propostas nesta PD, de diferentes estilos, con precisión rítmica e melódica.
- Interpretación de estudos ou obras dun nivel similar as pezas de referencia propostas nesta PD, de diferentes estilos mantendo as convencións estéticas e estilísticas.
- Interpretación do repertorio traballado de memoria.
- Práctica de música en conxunto: Ensaio con pianista, agrupacións con compañeiros ou profesora e uso de playalone na práctica individual.
- Actuacións en público ao menos unha vez por trimestre.

6.3 RECURSOS DIDÁCTICOS:

Materiais:

- Instrumento e materiais de limpeza.
- Cabeza curva (Si é necesario).
- Partituras, libros e libreta de estudio.
- Materiais auditivos: Grabacións como referentes e acompañamentos. (Enviados por E- mail pola docente).
- Complementos posturais.

Exercicios:

- Exercicios de exploración melódica e rítmica coa flauta.
- Aprendizaxe do repertorio por imitación e repetición.
- Práctica da primeira vista con materiais sinxelos.
- Exercicios mecánicos con ata dúas alteracións (diferentes combinacións de articulacións, ritmos e velocidades).
- Práctica do repertorio con e sin acompañamento.
- Exercicios de exploración artística non musicais.
- Exercicios de creación e improvisación musical con instrumento, con e sin acompañamento.

ESTUDOS E MÉTODOS	
Título	Autor
30 Estudios progresivos (1-15)	Gariboldi
Études Mignonnes, Op. 131	Gariboldi
Teoría y práctica de la flauta (Vol. 1, 3 y 5)	T. Wye
24 pequeños estudios melódicos	Moyse

OBRAS	
Título	Autor

Suzuki Flute School Vol. 2 (5- 8)	Varios
Humoresque	Dvorak
Movimientos de Sonatas	G.F. Händel
Le petit chivrier corse	H. Tomasi
Berceuse	G. Faurè
Echò	P. Hindemith
Scherzino	P. Andersen
Serenade	H. Wodall

6.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º Trimestre

- CA 1. Demostrar interés adoptando unha boa actitude e durante as clases: 2%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 10%
- CA 3. Acadar unha postura eficiente especialmente en hombros, mans e dedos: 5%
- CA 4. Facer un bo uso da respiración tanto técnica como musicalmente: 5%
- CA 5. Demostrar unha emisión sonora clara ata a nota Mi da terceira octava: 15%
- CA 6. Dominar os exercicios mecánicos de ata 3 alteracións, con diferentes articulacións e a unha velocidade estable: 15%
- CA 7. Manter unha afinación estable nos tres rexistros da frauta: 5%
- CA 7. Interpretar 4 estudos con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 8. Interpretar unha obra, con precisión rítmica e melódica, seguindo as convencións estéticas e estilísticas: 20%
- CA 9. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 3%

2º Trimestre

- CA 1. Demostrar interés adoptando unha boa actitude e durante as clases: 2%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 10%
- CA 3. Acadar unha postura eficiente especialmente en hombros, mans e dedos: 5%
- CA 4. Facer un bo uso da respiración tanto técnica como musicalmente: 5%
- CA 5. Demostrar unha emisión sonora clara ata a nota La da terceira octava: 15%
- CA 6. Dominar os exercicios de ata 4 alteracións, con diferentes articulacións e a unha velocidade estable: 15%
- CA 7. Manter unha afinación estable nos tres rexistros da frauta: 5%
- CA 7. Interpretar 4 estudos(diferentes aos do anterior trimestre) con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 8. Interpretar unha obra, con precisión rítmica e melódica, seguindo as convencións estéticas e estilísticas: 20%
- CA 9. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 3%

3º Trimestre - Curso completo

- CA 1. Demostrar interés adoptando unha boa actitude e durante as clases: 2%
- CA 2. Practicar de forma constante e consciente: 5%
- CA 3. Acadar unha postura eficiente especialmente en hombros, mans e dedos: 5%
- CA 4. Facer un bo uso da respiración tanto técnica como musicalmente: 5%
- CA 5. Demostrar unha emisión sonora clara ata a nota La da terceira octava: 15%

- CA 6. Dominar os exercicios mecánicos propostos pola docente con diferentes articulacións e a unha velocidade estable: 15%
- CA 7. Manter unha afinación estable nos tres rexistros da frauta: 10%
- CA 8. Interpretar 4 estudos (diferentes aos dos anteriores trimestres) con precisión rítmica e melódica: 20%
- CA 9. Interpretar unha obra, con precisión rítmica e melódica, seguindo as convencións estéticas e estilísticas: 20%
- CA 10. Interpretar o repertorio traballado de memoria: 3%

2.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude. Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación.

Avaliación puntual. O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

Audicións. O profesor valorará a asistencia e o comportamento do alumno nas audicións ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das calificacións parciais. Esta calificación final será a que teña en conta o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

Perda da avaliación continua O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

Segundo dictan as Normas de Organización e Funcionamento aprobadas polo Consello Escolar: Cap.6, Art.99 “A non asistencia, xustificada ou non, a tres clases nas materias dunha sesión semanal (...) poderá supoñer a perda do dereito a avaliación continua no respectivo trimestre. Será o profesor correspondente en coordinación coa Xefatura de Estudos quen determine en cada caso as medidas que permitan establecer outros mecanismos de avaliación extraordinarios.”

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación: O alumno deberá interpretar o programa esixido dende o momento no que perdeu o dereito a avaliación continua. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso. No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre no superado. O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probos extraordinarias**.

Medidas de recuperación para cursos pendentes O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior.

Os contidos mínimos para a superación do curso e examen final en caso de perda de dereito á avaliación continúa e proba extraordinaria serán os seguintes:

- Interpretación de dúas escalas con ata catro alteracións con diferentes combinacións de articulacións: Ligado, picado largo, picado curto e dúas ligadas - dúas picadas a velocidade estable.
- Interpretación de 6 estudos Mignones de Gariboldi.
- Interpretación de dúas pezas de nivel similar as a continuación suxeridas: Humoresque e Berceuse.

PROBA EXTRAORDINARIA

A proba extraordinaria consistirá: Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.

6. 5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de Vento, os profesores titores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

As pezas propostas para a concesión da ampliación de matrícula serán as seguintes (ou outras de nivel similar:

As pezas *Le petit negre* de Debussy e o *Andante* de Mozart

CUARTO CURSO G.E

7.1 OBXECTIVOS

- Preparar a proba de acceso a Grao Profesional.
- Afianzar os contidos dos cursos anteriores.
- Practicar a repentización e a axilidade na lectura.
- Desenvolver unha personalidade artística propia.
- Desenvolver autonomía, responsabilidade e xuízo na práctica individual.
- Adoptar unha posición corporal relaxada, estable e eficiente, que permita o desenvolvemento instrumental cómodo, así como a expresividade.
- Practicar unha respiración plena e natural e desenvolver o criterio musical necesario para atopar os momentos idóneos para realizalas tendo en conta os recursos técnicos.
- Desenvolver unha correcta afinación entre os diferentes rexistros.
- Acadar un son homoxeneo en todo o rexistro da frauta
- Controlar o uso de diferentes lonxitudes e combinacións articulacións tanto nos exercicios técnicos como no repertorio proposto, sin que a calidade do son se vexa afectada.
- Coñecer e practicar as principais coleccións de exercicios dos grandes pedagogos da frauta
- Interpretar estudos ou obras dun nivel similar aos propostos nos contidos, de diferentes estilos, con precisión rítmica e melódica.
